


Isao Takahata, 1991

ESTREA EN NUMAX: 20.08.2022 | V.O.S.E. | +8 | 118 min

Taeko Okajima é unha moza que pide permiso de vacacións para poder regresar á súa casa de Yamagata, a vila da súa cuñada, e onde viviu os momentos máis felices da súa vida. No transcurso da viaxe á granxa dos seus familiares e á súa posterior estancia, Taeko irá recordando o seu pasado, mentres vive intensamente o presente, sen saber moi ben que facer coa súa vida.



## Entrevista con Isao Takahata: «Coñecer a Miyazaki foi a maior das sortes para a miña carreira»

Por Chiara Zuccari

O seu colega e cofundador de Studio Ghibli, Hayao Miyazaki, chámalo un "preguizoso baboso -o descendente dalgún preguizoso xigante que unha vez se arrastrou polas chairas da terra na era do Plioceno". Noutra parte do seu libro de recortes autobiográficos *Starting Point* indica que "con Paku-san, podes ter por seguro que durante moitos puntos da produción comezará a berrar "é imposible que dea feito este filme!" (Tamén explica este alcume cariñoso de fai tempo para Isao Takahata: "A historia é que casde chegaba tarde todos os días, mentres bebía auga da billa e engulía pan, soaba así: "paku, paku").

### **Que foi o primeiro que che inspirou da animación? Por que che gusta agora? Cara onde debería dirixirse?**

Durante a Segunda Guerra Mundial, en 1944, cando eu tiña oito anos, vin *A araña e o tulipán* (Kenzô Masaoka , 1943), asombroume e asustoume a partes iguais, quedei enfeitizado. Sigo pensando que é un traballo brillante.

Gústame os filmes de animación que usan un estilo pictórico co poder de axitar a imaxinación da xente e espertar recordos. Recoñezo que hai obras excelentes entre os filmes CG en 3D, pero persoalmente non me gusta ese estilo de expresión. A arte pictórica probou todo tipo de posibilidade durante o século XX, e como resultado perdeu de vista a súa guía en canto a "cara onde debería ir despois". Pero iso non significa que a pintura morrera, verdade? Na mesma liña, non podo dicir cara onde "debería" dirixirse a animación. Creo que no futuro se crearán moitas obras interesantes con diversos estilos.

### **Semella que teus filmes en Studio Ghibli se afastaron de maneira tanxencial dos de Miyazaki, aínda que segue habendo unha sensación de dialéctica entre elas. Como imaxina que sería a súa carreira se non se coñeceran (e viceversa)?**

Coñecín a Hayao Miyazaki cando acababa de chegar e, impresionado polo potencia que vin no seu talento, recruteino para participar nos meus proxectos como un valioso membro do equipo. Foi un socio marabilloso para min. Logo independizouse e afastouse do noso traballo de colaboración para tomar o camiño de converterse nun magnífico director.

Coñecelo foi a maior das sortes para a miña carreira. Non cabe dúbida de que eu o influí a el, pero el tamén me influíu a min. Por iso mesmo, decatámonos moi cedo das diferenzas dos nosos temperamentos. El é un xenio. Mentres que a min me conmovéron as súas obras, téñoas en alta estima, ámoas e ás veces resístome a elas, eu creei obras de natureza totalmente diferente á súa. Puiden crear as miñas obras grazas á fase financeira do Studio Ghibli pola increíble popularidade dos filmes de Miyazaki. Tamén nese sentido lle estou profundamente agradecido.

### **Miyazaki fala dos seus filmes como mensaxes para crianzas e afirma que "esta vida merece a pena". Engadirías algo?**

Sinto exactamente o mesmo, non teño nada que engadir. Cando me pidan que escriba unha mensaxe para as crianzas, normalmente escribo: "Vive cheo de vida e de maneira vivaz!"